

# DISCURSO DO DEFENSOR UNIVERSITARIO ANTE O CLAUSTRO

**Sr. reitor, sras. e sres. da Mesa do Claustro, sras. e sres. claustrais, demais  
persoas aquí presentes**

Bos días e saúdos cordiais.

Os Estatutos da nosa Universidade establecen que o defensor universitario dará conta anualmente, e a través dun informe que presentará ante o Claustro, da xestión realizada polo Tribunal de Garantías.

En cumprimento desta normativa elaborouse un informe-memoria, cuxo contido forma parte da documentación deste Claustro, polo que está a disposición de todos vostedes por se tivesen interese en consultalo. Nel recóllense todas aquelas actuacións relevantes levadas a cabo ao longo do ano 2015.

Trátase, en definitiva, dun exercicio de transparencia e rendición de contas ante a comunidade universitaria, e tamén ante a sociedade, lexitimamente representadas por todas/os vostedes.

No que respecta aos contidos, o Informe estrutúrase en dous grandes bloques:

- O primeiro (constituído polos apartados 1 e 2) ten carácter introdutorio, xa que refire o marco normativo, conceptual e metodolóxico-funcional no que se desenvolve o TG.
- O segundo bloque expón polo miúdo a xestión do Tribunal entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2015:
  - ❖ O apartado 3 é o máis extenso porque dá conta da súa principal tarefa: incoar e tramitar expedientes tralas reclamacións e queixas presentadas.
  - ❖ No apartado 4 relaciónanse outras actuacións, non menos importantes, tales como consultas, mediacións, entrevistas ou recomendacións.
  - ❖ No apartado 5 infórmase sobre un importante ámbito de actuación que o TG está a potenciar nos últimos anos: as relacións institucionais e a actividade exterior.
  - ❖ No apartado 6 detállase o orzamento do Tribunal e a súa execución no ano 2015.

- ❖ No apartado 7 coméntanse algúns aspectos relevantes relacionados cos datos e cifras contidas no Informe.
- ❖ Finalmente, no anexo recóllese a composición do Tribunal e móstranse os cambios que se produciron na súa composición ao longo do ano 2015.

Este é, pois, o contido deste Informe, do que todos vostedes, sras. e sres. claustrais, dispoñen de completa información na documentación anexa a este Claustro. Dos seus datos e cifras pódense extraer algunhas **conclusiones** que é preciso subliñar:

En primeiro lugar, e tras varios anos de continuidade, optouse por renovar completamente o formato e deseño do Informe. O obxectivo non só era facelo máis visual, atractivo e didáctico, incorporando máis gráficos, cadros e imaxes; trátase tamén de dotalo dunha maior funcionalidade, que facilite o seu manexo e a consulta da información que contén. Acabamos de estrear o novo mandato e desexabamos desta maneira visibilizar esa vontade de cambio e mellora. Grazas ao traballo primoroso de Ana Mosquera foi posible dar este paso.

Outra consideración ten que ver co descenso no número de expedientes tramitados: un total de 51, cinco menos en relación ao ano anterior. Este feito vén confirmar una tendencia á baixa no número de reclamacións presentadas; unha tendencia iniciada no ano 2014 onde se rexistran dez expedientes menos con respecto ao ano 2013, cando se acadou a cifra récord de 66.

No que atinxe á distribución por sectores, advírtese que a maioría dos expedientes e asuntos tratados están referidos ao alumnado (38, un 74,50%), seguido a bastante distancia polo persoal de administración e servizos (7, un 13,70%) e polo profesorado (6, un 11,80%). Este comportamento -que é moi semellante ao do resto das defensorías universitarias españolas- segue a ser moi similar ao dos anos anteriores, e segue amosando como dato máis sobresaínte esa baixa porcentaxe de reclamacións presentadas polo sector PDI e PAS ante o Tribunal.

Na distribución por campus, e mantendo un comportamento parecido ao de anos anteriores, apréciase un claro predominio de expedientes tratados no campus de Vigo (31, un 60,80%), seguido do campus de Ourense (15, un 29,40%), e xa a bastante distancia Pontevedra (5, un 9,80%).

Os principais motivos que levaron á apertura de expedientes no sector do alumnado están relacionados coa reclamación e revisión de cualificacións, tanto de materias de grao (6) como de TFG (3) e posgrao; coa quenda de estudos e grupos asignados; e coa avaliación curricular, unha problemática que pode considerarse endémica e reiterativa, e que en moitos casos está relacionada con titulacións en proceso de extinción.

Respecto ao profesorado, apréciase que os motivos máis frecuentes das súas reclamacións están relacionados con asignacións de horarios, considerados abusivos ou pouco equitativos; coa aplicación de certas normativas consideradas confusas ou incompletas (TFG, reclamación e revisión de cualificacións); e con situacións de acoso laboral e insultos nas listas de correo da Universidade.

Por último, o persoal de administración e servizos reclama principalmente por cuestións relacionadas con convocatorias de concorrencia competitiva (Programas Erasmus-PAS); e tamén con situacións de acoso laboral e insultos e vexacións na rede.

En relación a estes casos de acoso, consideramos que se trata duns feitos repulsivos e condenables que non deberían repetirse. Entre todos deberíamos contribuír a reafirmar os valores da tolerancia, do respecto e das boas maneiras, e partindo da premisa que non hai contradición entre os artigos 18.1 e 20 da nosa Constitución; é dicir, entre o dereito ao honor e a propia imaxe e o dereito a expresar e difundir libremente os pensamentos, ideas e opinións. Os dous son dereitos fundamentais, e forman parte dese núcleo duro do noso Estado de Dereito. ¡Nunca máis eses comportamentos, por favor! Por imperativo legal, ético y estético.

Dentro das actuacións levadas a cabo polo TG, cómpre sinalar ademais as entrevistas mantidas con persoas pertencentes aos distintos sectores de nosa comunidade universitaria; as informacións e orientacións proporcionadas principalmente ao sector do alumnado como consecuencia de consultas efectuadas; as actividades encadradas dentro do apartado das relacións institucionais; e por último, as recomendacións e propostas formuladas, que derivan tanto das reclamacións ou queixas presentadas como das iniciativas promovidas polo propio Tribunal.

En relación coas recomendacións efectuadas é preciso sinalar, e con carácter xeral, que sería desexable que tanto os órganos como as persoas destinatarias delas deran conta ao TG da súa recepción, da súa viabilidade e, de ser o caso, do seu estado de execución.

Antes de finalizar esta reflexión-comentario sobre o contido deste Informe, quixera suscitar ante o Claustro varias cuestións que afectan ao bo funcionamento da nosa institución universitaria, razón pola cal deberían ser obxecto dunha especial atención en diante:

-En primeiro lugar, manifestamos a nosa satisfacción polo feito de que no punto 5 da orde do día deste Claustro se trate a Normativa de permanencia e progreso do alumnado das titulacións oficiais de grao e máster. No seu día xa fixemos unha Recomendación para que se mellorara esta normativa, de tan forte incidencia no conxunto do proceso e dinámica universitaria. Oxalá acertemos no tratamento deste complexo asunto.

-Outra cuestión fai referencia á necesidade de mellorar a normativa sobre o procedemento que se debe seguir para a reclamación e revisión de cualificacións de materias, tanto de grao como de posgrao, incluíndo as dos TFG. Tamén sobre este asunto o TG xa fixera unha Recomendación a finais do 2013, pero seguimos sen ter unha normativa adecuada á nova realidade que supón o EEES. A aplicación do artigo 18 do Regulamento de estudantes (promover un tribunal externo doutra universidade) presenta serios problemas de viabilidade respecto, por exemplo, das materias obxecto de avaliación continua; por non falar dos custos da súa tramitación.

-Na Lei do sistema universitario galego de 2013 dícese que un dos obxetivos e fins do SUG é o fomento da cultura da solidariedade entre os membros da comunidade universitaria. Recoñecendo o esforzo que se está a facer neste eido, e que se concreta nun amplo espectro de realizacións, cabe preguntarse se todavía podemos mellorar en todo aquilo que atinxe ao voluntariado, asociacionismo, cooperación ao desenvolvemento, etc. Cómpre ter presente que no seo das nosas sociedades hai milleiros de mozas e mozos predispostos á solidariedade, á axudar aos demais, a transformar e mellorar os nosos modelos políticos, económicos e sociais: son persoas de boa vontade e buscadoras do ben. A todos eles, cando chegan á universidade hai que proporcionarlles a suficiente información e medios para que poidan cultivar e canalizar os ditos valores e inxerencias.

-A principios deste ano aprobouse tamén a Lei de transparencia e bo goberno de Galicia. As súas disposicións son aplicables ás universidades do SUG. Aféctanos e, polo tanto, cómpre tomala en serio, o que significa respectar os seus principios reitores: transparencia e rendición de contas, accesibilidade universal a información pública, veracidade da dita información, non discriminación tecnolóxica nin lingüística, e a súa reutilización en beneficio da sociedade.

Esta lei obríganos, ademais, a garantir unha publicidade activa (a chamada transparencia activa), isto é, publicar por propia iniciativa e de forma periódica, actualizada, clara, veraz, íntegra, obxetiva e accesible toda aquela información relevante relativa ao funcionamento da universidade. A sociedade ten dereito a saber, para logo poder participar e controlar a actuación e a función pública.

Temos que felicitarnos (e felicitarmos tamén ás persoas que o fan posible), polo feito de que nos últimos Informes de transparencia das universidades españolas, a UVigo ocupe postos destacados entre as consideradas transparentes, e moi alonxada das tipificadas como translúcidas e opacas, entre as que atopamos algunha do SUG. Temos que perseverar nesta nova cultura de transparencia e bo goberno, visibilizada xa no noso magnífico portal de transparencia (sempre se poden mellorar eses 26 indicadores, así como as categorías en que se agrupan), e que pode completarse coa elaboración de un regulamento de transparencia, e incluso de códigos éticos e de conduta, inspirados nos

principios de integridade, honestidade, imparcialidade, obxetividade e respecto esmerado ao marco xurídico e á cidadanía, tal como se establece na ley antes mencionada.

-En relación coa presentación deste Informe quero expresar unha última idea: todas as actuacións levadas a cabo foron posibles grazas ás persoas que formaron e forman parte do Tribunal en representación do alumnado, do PAS e do PDI; o meu profundo e sincero recoñecemento a todas e todos eles, en especial a Ana Martínez e a Guillermo de Oca por ser os únicos membros do Tribunal que permaneceron nos seus postos ao longo desta difícil travesía, posibilitando así o funcionamento deste órgano colexiado e mitigando tamén a soidade do seu presidente. O noso recoñecemento tamén a Ana Mosquera, a nova secretaria, pola súa profesionalidade e capacidade para adaptarse tan axiña ás tarefas do Tribunal. Dende aquí tamén o noso afectuoso recordo para Lola Pous, á quen lle desexamos unha pronta recuperación que lle permita incorporarse de novo ao seu posto.

### **Permítanme agora un breve comentario e reflexión en relación ao novo mandato**

Se na última intervención ante o Claustro, e por tratarse do último informe correspondente ao primeiro mandato, fixen un breve exercicio de balance e rendición de contas dos catro anos de actuación; hoxe, e como consecuencia de haber sido reelixido o pasado mes de maio para un segundo mandato, toca facer un comentario en relación ao mesmo.

En primeiro lugar desexo expresar a miña gratitude a todas as persoas que integran este Claustro pola ampla confianza outorgada. Moitas grazas aos representantes dos estudantes, do PAS y do PDI. Moitas grazas ao grupo de goberno e ao da oposición por facer posible esta reelección.

A obtención desa ampla maioría (tan difícil nos tempos que corren) concédenos un alto grao de lexitimidade, respaldo e aceptación por parte da comunidade universitaria. Nunca esqueceré esa mostra inequívoca de confianza. Prométoles que a iso responderei coa máxima responsabilidade, capacidade e dedicación.

Grazas tamén por acadar, finalmente, a elección dos dous representantes do sector PDI A (nas persoas dos profesores Coral del Rio e Francisco Rey). Xa era hora de acabar con esa anomalía: máis dun ano sen poder cubrir esas vacantes, e sen representación do PDI. Unha circunstancia que non lle restou lexitimidade nin operatividade ao TG, pero que eu como defensor nunca cheguei a entender: as institucións han de respectarse, pois pode que sexa o último recurso que nos queda neste contexto de sociedade líquida da que formamos parte.

Seguen sen cubrirse os representantes de sector PDI B. Hoxe é unha boa oportunidade. Non debemos esquecer que o paradigma democrático nos obriga a acadar acordos e consensos, aínda que estes sexan ásperos e só parcialmente satisfactorios. Para iso deberíamos comunicarnos máis, asociarnos máis, debater, deliberar e argumentar máis, e sen esquecer que é o interese xeral o que debe prevalecer sempre. Expresado doutra maneira: non deberíamos de deixar de practicar a política tamén no escenario universitario.

Resulta razoable, e ata esixible, que queiran saber por qué me presentei á reelección. Pois ben, con moito gusto lles responderéi:

-Porque sigo identificándome plenamente coa institución da Defensoría e das súas prestacións.

-Porque un segundo mandato representa esa segunda oportunidade para detectar erros, corrixir, emendar e rectificar, e para perfeccionar e culminar proxectos e liñas de actuación iniciados anteriormente.

As sociedades e as persoas precisan deses tempos, deses segundos mandatos, desas segundas oportunidades para progresar e traspasar novas fronteiras; para innovar, atreverse, dar ese salto cualitativo e contribuír así ao perfeccionamento e avance dos nosos sistemas.

Entre os **obxectivos** que me propoño para este segundo mandato quixera destacar os seguintes:

- Potenciar a función mediadora do TG, unha das súas atribucións máis propias e tipificadoras.
- Aproveitando esa posición estratéxica que ocupa o TG en canto observatorio independente e imparcial da vida universitaria, ser máis propositivos, máis atrevidos e máis imaxinativos en relación coa función de proposta e recomendación; penso que a indecisión, o conformismo ou a compracencia enterraron milleiros de sonos e oportunidades de mellora ao longo da historia da humanidade.
- Seguir contribuíndo a mellorar o coñecemento, a visibilidade, a accesibilidade e a presenza do TG entre todos os sectores, dependencias e campus que integran a nosa comunidade universitaria. Conseguir, neste senso, reducir as diferenzas existentes entre campus e sectores á hora de acudir e utilizar as prestacións do TG. Nesta orde de cousas podo informarlles que dende comezos deste curso estamos levando a cabo en todos os centros unha presentación do TG a través dos monitores e pantallas existentes. Aproveito para agradecerlles a todas as persoas dos distintos centros a súa colaboración prestada.

- Sendo conscientes de que vivimos en sociedades abertas, interdependentes e globalizadas, propóñome seguir contribuíndo a dinamizar os procesos de asociacionismo entre as distintas defensorías universitarias, tanto a nivel autonómico, como eurorexional, nacional, europeo, iberoamericano e global. Con iso conséguese traballar en rede, mellorar a nosa información e as nosas prestacións, e axudar ás defensorías de países emerxentes a consolidarse e expandirse, e desa maneira contribuír á mellora da defensa dos dereitos das persoas en todo o mundo.

A consecución de todos estes obxetivos só é posible coa comprensión e colaboración de todas/os vostedes. Unha colaboración que respectuosamente solicito no día de hoxe, e que no nome de todos os membros do TG quero agradecerlles moi sinceramente.

¡¡Moitas grazas, a todas e todos!!